# CONTRA O NEGACIONISMO POLA VIDA DAS MULLERES



CCOO

# FRONTE AO NEGACIONISMO E O RACISMO MACHISTA, ORGANIZACIÓN E FEMINISMO SINDICAL

**Un ano máis, este 25 de novembro, desde a Confederación Sindical de Comisións Obreiras (CCOO) alzamos a voz nas rúas e nos centros de traballo para reafirmarmos o noso compromiso irrenunciable coa erradicación de todas as formas de violencia machista**.

A violencia contra as mulleres sempre foi **a manifestación máis salvaxe e estrutural da discriminación** (unha discriminación que se exerce nas casas, nas rúas e tamén nas empresas a través da fenda salarial, a precariedade, a desvalorización dos empregos feminizados, a segmentación e o acoso sexual ou por razón de sexo), e que nos tempos que corren estase vendo reforzada coa violencia institucional das dereitas alá onde gobernan e as constantes ameazas contra as mulleres e a igualdade.

Por iso, este 25N, desde o feminismo de clase de CCOO denunciamos **dúas ameazas centrais** que atentan directamente contra os dereitos das traballadoras e a convivencia democrática: **o negacionismo e a instrumentalización racista das mulleres.**

Asistimos a unha **ofensiva ideolóxica reaccionaria** que pretende desmantelar os avances conquistados polo movemento feminista. En autonomías e concellos gobernados polas dereitas elimínanse, dilúense ou rebáixanse as consellerías e concellarías dedicadas especificamente á igualdade; substitúese o termo e a idea de que existe violencia de xénero pola fórmula «violencia intrafamiliar» (co que se invisibiliza a raíz estrutural do machismo); recórtanse o financiamento e mais o gasto público dedicado á rede de apoio ás vítimas, aplicando modificacións normativas de acceso á vivenda; e estes gobernos incluso se negan a asinar declaracións institucionais durante o 25 N.

Orgullosos das súas políticas, anuncian novas medidas, tales como cuestionar o dereito ao aborto ou a supresión do Ministerio de Igualdade, se chegan ao Goberno. Negan a capacidade de acción das mulleres e as violencias machistas.

O negacionismo quita recursos preventivos, liquida os servizos públicos de atención e pon en dúbida a credibilidade das mulleres agredidas. Actuacións que teñen os seus efectos pois, no que levamos de ano, as cifras de mulleres asasinadas aumentaron con respecto ao ano anterior: **44 mulleres e tres menores** ata o 3 de novembro. Denúncianse **15 violacións ao día** —é dicir, unha violación cada hora e 35 minutos— e unha agresión sexual sen penetración cada 32 minutos; e, segundo a Enquisa europea de violencia de xénero, **o 28,4 % das mulleres en España foron vítimas de acoso sexual** no ámbito laboral nalgún momento da súa vida, o que significa que máis de **4,4 millóns** de traballadoras sufriron acoso no seu centro ou con ocasión do traballo.

## Máis de 4,4 millóns de traballadoras sufriron acoso no seu centro de traballo

Nas empresas e Administracións, este discurso reaccionario pretende frear a execución dos plans de igualdade e os protocolos contra o acoso sexual e por razón de sexo que tanto nos custa acordar e nos que este sindicato está tan implicado. Por iso, **manifestamos o noso compromiso irrenunciable a seguir negociando, acordando, pondo en marcha e avaliando os plans de igualdade** e os protocolos de prevención e actuación contra o acoso sexual e por razón de sexo no traballo. As delegadas e delegados do sindicato van

seguir actuando de cordón protector nos seus centros de traballo para tentar garantir espazos laborais seguros.

As dereitas non só negan as violencias machistas cando a cometen homes autóctonos; tamén as instrumentalizan sen escrúpulos cando o agresor é migrante ou racializado. Pretenden utilizar as mulleres como pandote e escudo para xustificar discursos de odio, xenofobia e racismo. Esta tamén é a nosa loita e por iso tamén **denunciamos o uso racista e reaccionario que se fai desde unha suposta defensa das mulleres. O feminismo sindical é antirracista** e non imos permitir que utilicen a dor e a seguridade das mulleres para dividirnos.

Pero CCOO non só está **comprometido** no ámbito laboral. Non imos dar un paso atrás, senón sempre cara adiante: traballando para previr as violencias machistas, facéndoas visibles, demandándolles responsabilidades aos homes, denunciando a falta de políticas públicas e informando as vítimas dos seus dereitos.

**Fronte ao negacionismo,** en cada negociación, campaña, informe e información **seguiremos facendo visible a violencia estrutural** que se exerce coas mulleres porque a invisibilidade mata.

**Esiximos** a consolidación e o reforzo do Pacto de Estado contra as violencias de xénero e o reforzo das políticas públicas que protexan a vida e a dignidade de todas as mulleres en todos os ámbitos.

**O feminismo sindical é antirracista e non permitiremos que utilicen a dor e a seguridade das mulleres para dividirnos.**

Fronte a quen encirra o odio, o negacionismo e a división racista, os homes e mulleres de CCOO respondemos con **máis organización e máis feminismo de clase.**

# CONTRA O NEGACIONISMO

# POLA VIDA DAS MULLERES

**Acude ás convocatorias** que se realicen no teu centro de traballo e na túa localidade o **25 de novembro.**

